



NOTIFICACIÓN

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, reunida en sesión ordinaria o **11 de xullo de 2016**, entre outros, adoptou o seguinte **ACORDO**:

8.- SUSPENSIÓN DA CALIDADE ACÚSTICA CON MOTIVO DAS FESTAS DO CARME ARREDOR DA PRAZA DE ABASTOS.

O artigo 7.1 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, publicado no DOG Núm. 145 do luns, de 3 de agosto de 2015, establece que de conformidade co disposto polo artigo 9 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, con motivo da organización de actos de especial proxección oficial, cultural, relixiosa ou de natureza análoga, os concellos en cuxo ámbito territorial se celebren poderán adoptar, en determinadas áreas acústicas, logo de valoración da incidencia acústica, as medidas necesarias que deixen en suspenso temporalmente o cumprimento dos obxectivos de calidade acústica que sexan de aplicación a aquelas.

Con motivo da celebración das Festas na Honra da Virxe do Carme, propónse a adopción da suspensión dos obxectivos de calidade acústica os días 14 ao 18 de xullo no arredor da Praza de Abastos de Moaña, sita na rúa Concepción Arenal.

Sometido o tema a votación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos/as concelleiros/as asistentes, acorda:

Primeiro.- Con motivo da celebración das Festas na Honra da Virxe do Carme, consideradas actos de especial proxección cultural e repercusión pública, se suspenden os obxectivos de calidade acústica do día 14 ao 18 do presente mes de xullo de 2016, desde as 20.00h. ata as 04.00h. do día seguinte, salvo o día 18 no que o horario será desde as 18.00h. ata as 23.59h, nun perímetro de 3km arredor da Praza de Abastos de Moaña, sita na rúa Concepción Arenal.

Segundo.- Publíquese no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a citada suspensión dos obxectivos de calidade acústica para xeral coñecemento.

Moaña, 12 de xullo de 2016.

O secretario

Adamantino Barreiro García